



ANEXO IX

REQUISITOS DE COMUNICACIÓN DO FINANCIAMENTO PÚBLICO

IN607E-AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO E AMPLIACIÓN DAS CAPACIDADES DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS MEDIANTE O APOIO Á CREACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN E DE ENSAIO E EXPERIMENTACIÓN

Responsabilidade da entidade beneficiaria

Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 50 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, a entidade beneficiaria durante o período de mantemento do investimento, recoñecerá a axuda dos fondos europeos, e para iso:

a) No seu sitio web oficial, cando o dito sitio web exista, e nas súas contas das redes sociais fará unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da Unión Europea.

Para cumprir con este requisito pode utilizarse a seguinte imaxe e texto:

Cofinanciado pola
Unión EuropeaFondos Europeos

Esta entidade foi beneficiaria da convocatoria de axudas para o fortalecemento e ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora das infraestruturas de investigación e de ensaio e de experimentación, cofinanciada pola Unión Europea

Insertar ilustración ou
fotografía neste espazo

O obxectivo principal destas axudas é mellorar as capacidades dos centros tecnolóxicos a través do financiamento de infraestruturas de I+D+i

O resultado que se pretende acadar é potenciar a excelencia dos centros no ámbito internacional e reforzar as súas actividades de transferencia cara as pemes



b) Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público e relacionados coa execución da actuación, proporcionará unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de xeito visible.

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA



**Cofinanciado pola
Unión Europea**



Fondos Europeos

c) Para as actuacións que impliquen investimentos físicos e cuxo custo total sexa superior a 500.000 euros, tan pronto como comecen e durante a toda a súa execución, colocará un cartel temporal ou valla publicitaria resistente nun lugar ben visible para o público.

d) Para as actuacións cuxo custo total sexa superior a 500.000 euros e que impliquen investimentos físicos ou nas que se instalen os equipos adquiridos, no prazo de tres meses dende a finalización da execución física, colocará un cartel ou placa permanente nun lugar ben visible para o público.

Exhibirase nun lugar ben visible para o público polo menos un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a actuación onde se destaque a axuda dos fondos europeos; nos casos nos que a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, asegurará, na medida do posible, a dispoñibilidade de información axeitada onde se destaque a axuda dos fondos europeos, nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN

O formato que se deberá utilizar é o seguinte:

	XUNTA DE GALICIA		Cofinanciado pola Unión Europea		Fondos Europeos
Esta entidade foi beneficiaria da convocatoria de axudas para o fortalecemento e ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora das infraestruturas de investigación e de ensaio e de experimentación, cofinanciada pola Unión Europea					
Insertar ilustración ou fotografía neste espazo		O obxectivo principal destas axudas é mellorar as capacidades dos centros tecnolóxicos a través do financiamento de infraestruturas de I+D+i			
		O resultado que se pretende acadar é potenciar a excelencia dos centros no ámbito internacional e reforzar as súas actividades de transferencia cara as pemes			

Cando varias actuacións teñan lugar no mesmo emprazamento só é preciso colocar unha placa ou cartel.

Durante o período de obrigatoriedade de conservación da documentación, a persoa beneficiaria deberá conservar, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto a disposición do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan. A persoa beneficiaria deberá respectar, en todo momento, as orientacións recollidas no documento de uso do emblema europeo (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf) e as características técnicas descritas no Anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060.



Cofinanciado pola
Unión Europea




Fondos Europeos



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN

No caso en que a execución da axuda implique o desenvolvemento de obras (obra civil e / ou edificación) o cartel de obra que deberá utilizarse será o seguinte:



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos